

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA O PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA ACONDICIONAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL E ESPAZO GASTRONÓMICO: "A VILANOVEA E-GOURMET MARKET"

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 100/2023, do 29 de xuño (DOG núm. 124, do 30 de xuño), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, Gonzalo Durán Hermida, en nome e representación como Alcalde Presidente do **Concello de Vilanova de Arousa**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).



Que tal e como establece a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Así mesmo, o artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde *"a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago"*.

Segundo.- Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.



Para lograr esta finalidade a Xunta de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto.- Que o concello de Vilanova de Arousa resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro da *Orden ICT/949/2021, de 10 de septiembre (BOE nº 218 de 11 de septiembre de 2021), modificada por la Orden ICT/565/2022 de 15 de junio (BOE nº 148 de 22 de junio de 2022) y por la Orden ICT/99/2023 de 31 de enero (BOE nº 31 de 6 de febrero de 2023), por la que se convoca la línea de ayudas para el apoyo a mercados, zonas urbanas comerciales, comercio no sedentario y canales cortos de comercialización en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia* por un importe de 1.599.989,66 €.

O concello de Vilanova de Arousa pretende acometer o proxecto de execución para acondicionamento do Mercado municipal e espazo gastronómico: "A Vilanovesa E-Gourmet Market".

Trátase dunha edificación de forma rectangular construída en formigón que posúe unha planta primeira actualmente sen uso. O edificio principal alberga na súa zona central a zona de mercado de peixe e verdura, á redor da cal se distribúen determinados locais destinados a carnicerías, verduras e comestibles, así como de panadería. Na zona exterior do edificio atópanse locais destinados a cafetería e a policía local.

A edificación é moi básica na súa construción e cun mal sistema de illamento e acústica con grandes índices de reverberación.

A través deste proxecto búscase incrementar a actividade comercial na Praza de Abastos de Vilanova de Arousa, aumentar o número de consumidores e visitantes, situar o espazo como símbolo de calidade e prestixio e multiplicar o seu atractivo e interese turístico. Os seus obxectivos xerais son:

1. Reforzar a competitividade da Praza de Abastos e impulsar a súa actividade, incentivando o aumento das vendas e asentando a fidelidade dos potenciais clientes.
2. Dixitalizar os procesos e servizos para a mellora da sustentabilidade e facelos accesibles a todos os usuarios, incluíndo aquelas persoas con discapacidades ou limitacións físicas ou cognitivas.



3. Contribuír á inclusión social e a equidade mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas e a adaptación dos servizos dixitais ás necesidades de todas as persoas.
4. Mellorar a promoción e as estratexias de comunicación e mercadotecnia do comercio local a través da execución de campañas e da formación dos profesionais do sector.
5. Impulsar unha recuperación máis áxil do tecido comercial de Vilanova de Arousa tras a crise derivada da pandemia da Covid-19.
6. Formar e sensibilizar ao sector comercial, a produtores e a consumidores para favorecer a resiliencia da Praza de Abastos.

Do mesmo xeito, Galicia é unha comunidade autónoma recoñecida mundialmente pola calidade da súa oferta gastronómica e vitivinícola, e con gran potencial de desenvolvemento en canto ao seu posicionamento como destino enogastronómico de referencia.

A Xunta de Galicia está por tanto interesada na mellora e posta en valor do patrimonio e da súa promoción co fin de dalo a coñecer, conservalo e potenciar a promoción turística así como na posta en valor dos produtos gastronómicos de Galicia e en adaptar a oferta turística enogastronómica a todas as estacións e meses do ano, desestacionalizando o turismo.

Quinto.- A intervención trata de resolver dous retos: por un lado o de replantexar o concepto de uso dunha praza de abastos, entendéndoa como un espazo de encontro e reunión máis alá dun simple lugar de compras e, por outro lado o de resolver arquitectonicamente os espazos para que se adecúen a esa nova forma de uso. A reforma do mercado é a oportunidade de reforzar este lugar como epicentro do concello.

O presente convenio ten por obxecto poñer en valor o mercado recuperando a funcionalidade do edificio mediante:

- Unha reforma integral da parte superior que a día de hoxe é cuberta. Esta planta será destinada a un espazo gastronómico. As zonas oeste e este desta planta



acondicionaranse para a implantación dun parque infantil, un espazo multiusos destinado a expansión da mocidade como salón para actos multifunción onde se poderían desenvolver cursos e actividades xuvenís de todo tipo.

- A mellora e o acondicionamento das infraestruturas na planta baixa que na actualidade está destinada a Mercado de Abastos e das zonas de acceso coa implantación de prazas de aparcamento para discapacitados, espazos destinados ao estacionamento de bicicletas e implantando puntos de recarga de vehículos eléctricos. Así mesmo, instalárase unha illa verde de reciclaxe de materiais.

Preténdese nesta zona de postos destinados a uso comercial unha mellora das instalacións.

Estas actuacións de reforma do espazo construído complétanse coa proposta de quince actuacións de dixitalización, economía circular e marketing que serán financiadas por outras fontes e que permitirán situar a Vilanova de Arousa entre os referentes de mercados sostibles e intelixentes.

O convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia de Turismo de Galicia.

A Xunta de Galicia entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto antes descrito, dado que polo municipio discorre o Camiño de Santiago Portugués, sendo o núcleo urbano parada de etapa. Este feito xera unha numerosa chegada de visitantes e turistas que pernoctan no pobo.

Estas melloras inciden na promoción e potenciación do turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrência, por ser o concello a entidade impulsora da actuación. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio así como o seu carácter excepcional, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o Concello de Vilanova de Arousa, a entidade propietaria e impulsora da actuación, a única entidade competente para realizar as actuacións obxecto do presente convenio. Así mesmo esta inversión dinamizará a vida social, cultural e comercial do municipio, á vez que achegará



valor engadido á trama e paisaxe urbanas e, en consecuencia, ás futuras estratexias de promoción turística da vila dadas as súas características funcionais, estéticas e de situación.

Por todo o exposto acordan asinar este convenio de colaboración baseándose nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilanova de Arousa para o proxecto de execución para acondicionamento do Mercado municipal e espazo gastronómico: "A Vilanovesa E-Gourmet Market".

Segunda.- Orzamento e financiamento. Gastos subvencionables.

O orzamento estimado das actuacións previstas neste convenio é de 1.999.987,07 € (IVE incluído), co detalle que se establece no anexo a este convenio e do cal forma parte.

O convenio tramítase ao amparo do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, quedando a concesión da subvención sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións sinaladas a continuación, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia do ano 2024.

O orzamento anterior será financiado polas partes como segue:

A Axencia de Turismo de Galicia, achegará 399.997,41 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.1, proxecto 2017 00005, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.



O Concello de Vilanova de Arousa aportará a cantidade de 1.599.989,66 € procedente dunha subvención concedida ao abeiro da *Orden ICT/949/2021, de 10 de setembro (BOE nº 218 de 11 de setembro de 2021), modificada por la Orden ICT/565/2022 de 15 de junio (BOE nº 148 de 22 de junio de 2022) y por la Orden ICT/99/2023 de 31 de enero (BOE nº 31 de 6 de febrero de 2023), por la que se convoca la línea de ayudas para el apoyo a mercados, zonas urbanas comerciales, comercio no sedentario y canales cortos de comercialización en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.*

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

Terceira.- Gastos subvencionables.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2024**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta.- Compromiso das partes.

1. O Concello, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a "Marca Turística de Galicia" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no parágrafo anterior.



- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acreditar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade.

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.



Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento.

1. O Concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións á entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha **conta xustificativa** integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a



continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.

- Que, segundo informe da persoa secretaria do Concello, na tramitación e contratación da subministración se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.



c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a "Marca Turística de Galicia".

- Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións urxentes e o resultado final unha vez executadas as mesmas, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. De conformidade co artigo 12.3 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en



materia de contratación do sector público, sendo o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos se puidera derivar.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

5. A Axencia de Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello rematará o 15 de decembro de 2024.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo serán compensables entre si as partidas das dúas accións previstas no presente convenio, cuxo orzamentos estimados se establecen na cláusula segunda.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: *"1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán*



obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención”.

Novena.- Pagamentos anticipados.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe máximo do 80% da subvención concedida, previa autorización polo Consello da Xunta, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do Regulamento da Ley de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33



da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo concello e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.



A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Modificación do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

- a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
- b) Orzamento ou proxecto modificado.
- c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.



Décimo cuarta.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.



Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.



Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPDP.

Décimo oitava.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Décimo novena.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

O director de Turismo de Galicia

José Manuel Merelles Remy



O alcalde de Vilanova de Arousa

Gonzalo Durán Hermida



ANEXO

Nº	Categoría do gasto	Actuación	Total (sen IVE)	IVE (21%)	Total (IVE Incluído)	Ap. Ministerio 2024 (80%)	Ap. Xunta 2024 (20%)	TOTAL 2024 (IVE incluído)
1	Gastos dirixidos á transformación dixital	Creación dun clube de fidelización a través dunha tarxeta dixital que permitirá a realización de compras, a acumulación de puntos e a obtención de ventaxas e descontos.	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €	40.000,00 €	10.000,00 €	50.000,00 €
2		Desenvolvemento dun Marketplace accesible a través dunha app dirixida ao cliente final para simplificar os procesos de compraventa.	49.917,36 €	10.482,64 €	60.400,00 €	48.320,00 €	12.080,00 €	60.400,00 €
3		Desenvolvemento dunha páxina web accesible.	7.851,24 €	1.648,76 €	9.500,00 €	7.600,00 €	1.900,00 €	9.500,00 €
4		Elaboración dun plan de marketing dixital para mellorar o posicionamento da Plaza de Abastos de Vilanova de Arousa.	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €	12.000,00 €	3.000,00 €	15.000,00 €
5		Instalación de pantallas táctiles interactivas e accesibles para proporcionar información sobre os produtos, incluíndo imaxes e vídeos de receitas, reseñas de clientes e datos nutricionais.	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €	12.000,00 €	3.000,00 €	15.000,00 €



6		Elaboración de métricas e análises da competencia do comercio.	49.586,78 €	10.413,22 €	60.000,00 €	48.000,00 €	12.000,00 €	60.000,00 €
7		Creación dun sistema de pago móvil para mellorar a experiencia de compra dos clientes, ser máis accesibles e aumentar a eficiencia do proceso de venta.	1.652,89 €	347,11 €	2.000,00 €	1.600,00 €	400,00 €	2.000,00 €
8		Creación dun punto de recollida, Click and Go, no que se poderán recoller as compras feitas a través do Marketplace (inclúe o desenvolvemento tecnolóxico).	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €	12.000,00 €	3.000,00 €	15.000,00 €
9	Gastos referidos á transformación do punto de venta	Desenvolvemento dunha plataforma, Tech Market, de xestión interna para a obtención de datos en tempo real e a realización da súa análise posterior.	18.181,82 €	3.818,18 €	22.000,00 €	17.600,00 €	4.400,00 €	22.000,00 €
10		Instalación de sistemas de xestión de inventario (realizar un seguimento das súas existencias, mellorando a eficiencia e reducindo o desperdicio de alimentos)	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €	12.000,00 €	3.000,00 €	15.000,00 €
11		Desenvolvemento dun sistema centralizado de control de turnos no mercado para xestionar de maneira eficiente o proceso de compra-venta.	18.181,82 €	3.818,18 €	22.000,00 €	17.600,00 €	4.400,00 €	22.000,00 €



12		Creación dun punto de recollida, Click and Go, no que se poderán recoller as compras realizadas a través do Marketplace (Inclúe a parte de obra e reforma necesaria).	4.958,68 €	1.041,32 €	6.000,00 €	4.800,00 €	1.200,00 €	6.000,00 €
13		Reforma das instalacións para a mellora da accesibilidade, equipamentos e da eficiencia enerxética do espazo e para a creación de novos entornos de ocio que dinamicen o mercado.	1.095.156,50 €	229.982,87 €	1.325.139,37 €	1.060.111,50 €	265.027,87 €	1.325.139,37 €
14	Gastos relativos á sustentabilidade e economía circular	Deseño e fabricación do packaging reutilizable para o comercio local para reducir o impacto ambiental, proporcionando así, unha alternativa sostible e duradeira, e fomentando o consumo responsable.	4.958,68 €	1.041,32 €	6.000,00 €	4.800,00 €	1.200,00 €	6.000,00 €
15		Compra dun vehículo eléctrico (coche/moto) para o reparto a domicilio de compras realizadas na Plaza de Abastos.	33.057,85 €	6.942,15 €	40.000,00 €	32.000,00 €	8.000,00 €	40.000,00 €
16		Implantación do sistema de carsharing eléctrico para impulsar a mobilidade sostible e axudar a diminuír a pisada de carbono dos desprazamentos.	28.925,62 €	6.074,38 €	35.000,00 €	28.000,00 €	7.000,00 €	35.000,00 €
17		Instalación de puntos de recarga nas inmediacións do espazo.	6.312,00 €	1.325,52 €	7.637,52 €	6.110,02 €	1.527,50 €	7.637,52 €



18		Aparcamiento de bicis.	2.479,34 €	520,66 €	3.000,00 €	2.400,00 €	600,00 €	3.000,00 €
19		Instalación de sensórica: Sensores de temperatura, sensores de humidade, sensores de movemento, sensores de luz, sensores de calidade do aire, sensores de gases, sensores de fluxo de auga, sensores de nivel de lixo. Os sensores irán conectados a un sistema de monitoreo para que poidan enviar a información recopilada e poder analizar os datos recollidos.	66.115,70 €	13.884,30 €	80.000,00 €	64.000,00 €	16.000,00 €	80.000,00 €
20		Creación dunha illa verde modular para a recollida e separación de residuos cun espazo diferenciado. Incluirá a implantación dun software de control de acceso e de monitorización.	20.661,16 €	4.338,84 €	25.000,00 €	20.000,00 €	5.000,00 €	25.000,00 €
21		Instalación de sistemas de aeroterminia na Praza de Abastos para mellorar a eficiencia enerxética.	19.058,00 €	4.002,18 €	23.060,18 €	18.448,14 €	4.612,04 €	23.060,18 €
22		Instalación de sistemas híbridos fotovoltaicos e eólicos.	65.000,00 €	13.650,00 €	78.650,00 €	62.920,00 €	15.730,00 €	78.650,00 €
23		Adhesión á iniciativa ' <i>Too Good to Go</i> ', referente contra o desperdicio de alimentos.	2.975,21 €	624,79 €	3.600,00 €	2.880,00 €	720,00 €	3.600,00 €



24	Gastos relativos á cadea de suministro e trazabilidade	Deseño dunha plataforma colaborativa con produtores locais para fomentar o consumo de produtos de proximidade.	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €	12.000,00 €	3.000,00 €	15.000,00 €
25		Creación dunha etiqueta dixital para coñecer toda a trazabilidade dos produtos ofrecidos na Praza de Abastos.	6.611,57 €	1.388,43 €	8.000,00 €	6.400,00 €	1.600,00 €	8.000,00 €
26	Gastos de formación en habilidades, uso e xestión de ferramentas tecnolóxicas, marketing dixital,	Formación para a implementación das ferramentas dixitais do proxecto: plataforma colaborativa, Tech market, Marketplace, App, Web, sistema de xestión de inventario e da illa verde.	1.652,89 €	347,11 €	2.000,00 €	1.600,00 €	400,00 €	2.000,00 €
27	explotación e análise de datos, formación en idiomas,	Formación en marketing dixital, xestión de modelos de negocio sustentables e potenciación de vendas para todos os comercios da Praza de Abastos.	1.652,89 €	347,11 €	2.000,00 €	1.600,00 €	400,00 €	2.000,00 €
28	sensibilización para o fomento de estratexias de economía circular,	Formación en idiomas de inglés nivel básico comercial para todos os comercios da Plaza de Abastos.	1.652,89 €	347,11 €	2.000,00 €	1.600,00 €	400,00 €	2.000,00 €
29	reciclado e reutilización de produtos no modelo de negocio do sector	Formación en mellora da sustentabilidade e a economía circular (especialmente, minimización do consumo de recursos e a xeneración de residuos e a súa óptima xestión).	1.652,89 €	347,11 €	2.000,00 €	1.600,00 €	400,00 €	2.000,00 €



30	comercial, dirixidos a empregados e autónomos do sector do comercial.	Contratación de sesións de mentoring individual nas ferramentas dixitais para os comercios da Plaza de Abastos.	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €	12.000,00 €	3.000,00 €	15.000,00 €
31	Otros gastos subvencionables	Implementación de rede wifi para facilitar a transición dixital do mercado.	4.958,68 €	1.041,32 €	6.000,00 €	4.800,00 €	1.200,00 €	6.000,00 €
32		Instalación de tótems dixitais con información e sinalética adaptados a persoas con discapacidade.	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €	12.000,00 €	3.000,00 €	15.000,00 €
33		Plan de acción para a posta en marcha da dixitalización do sector comercial da Plaza de Abastos de Vilanova de Arousa.	11.570,25 €	2.429,75 €	14.000,00 €	11.200,00 €	2.800,00 €	14.000,00 €
			1.652.881,87 €	347.105,19 €	1.999.987,07 €	1.599.989,66 €	399.997,41 €	1.999.987,07 €

